

"Ourense moi cerca" presentado en Madrid



Páxina III

O BNG critica os investimentos da Xunta no Estadio do Couto



Páxina IV

Proxectos de recuperación de espazos en Salvaterra



Páxina IX

Casa dos Libros Orfos na Praza da Inmaculada de Tui



Páxina XI

50 aniversario do 25 de Abril en Salvaterra de Miño



Páxina XIII



## Festa do Boi de Allariz 2024

Páxina VIII

Portugal eliminará en 2025 as peaxes con Galicia



Páxina XIV



### MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros  
Fin de semana 16 euros

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías, cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

## OPINIÓN

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

## O primeiro goberno alternativo da nosa historia

Por primeira vez na historia política deste País o principal partido da oposición enceta a lexislatura prometendo non só o exercicio do seu labor opositor, senón un xeito de facer o mesmo dende a proposta alternativa e rigorosa que, ademais se desenvolverá dende un comité parlamentario de doce deputados e deputadas, de análogas áreas de coñecemento ca as propias das consellarías determinadas pola estrutura orgánica da Xunta que Rueda decidiu o domingo 14-A.

Non houbo precedentes dun goberno alternativo ou shadow cabinet (como se coñece na praxe parlamentaria británica) na nosa historia política. E noutros países da Europa tampouco hai precedentes tan definidos, sen dúbida pola pouca frecuencia de esquemas parlamentarios bipartidistas



. Os exemplos na Catalunya de Pasqual Maragall a fins do século XX ou de Illa nesta lexislatura non son comparábeis.

A decisión do BNG deste Goberno alternativo, tanto no eido da formación dese comité ou gabinete formado por representantes parlamentarios canto polo compromiso de combinar sempre a oposición coa proposta alternativa rigorosa e concreta non se entende sen nos dexergar a substancial modificación da composición do noso Parlamento sufrida logo das eleccións do 19-F. Porque o BNG, que era- e é o segundo partido, tiña antes menos da metade de votos ca o PP (o primeiro) e só un 22% máis ca o PSdeG(o terceiro) e agora ten case 2/3 dos votos do primeiro e un 225% dos votos do terceiro. Dun esquema tripartidista pasamos a un bipartidismo imperfecto.

Velaí que o mandato da cidadanía ao BNG lle obrigue a facer oposición dende parámetros de alternativa de goberno, o que esixe moito rigor e coñecemento sectorial e patriotismo por riba do partidismo,

ademais dunha análise continuada dos problemas do País e da evolución das súas maiorías sociais e axentes políticos, económicos, sociais e culturais. Velaí tamén a necesidade de pescudar a posibilidade de pactos de País co PP, dos que Pontón sinalou os de sanidade, vivenda, enerxía e rexeneración democrática.

Algúns interpretaron as primeiras decisións de Rueda- simbólicas e de nomeamento da equipa de goberno- como un aceno de rachar coa titoría de Feijóo, malia que os seus discursos na campaña vasca e a subordinación da política fiscal e educativa da Xunta ás esixencias definidas para todos os territorios gobernados polo PP pola súa dirección estatal semellan que unha tal evolución non é críbel. De todos os xeitos o tempo político haberá clarear axiña as dúbidas neste senso.



Por Xoán Carlos Caballero

## ¡mongHOLA!: crónica dunha voda

O máis granado da sociedade española celebrou, no Madrid da dis-tópica liberdade ayusiana, a voda do solteiro de ouro, que días antes, sorprendido, declaraba: “non sei o que esta muller puido ver en min”.

No convite déronse cita estafadores, piratas, promotores de conflitos bélicos, aristocracias, apoloxetas do xenocidio sionista, palcócratas balompédicos, cloaqueros de estado, reis defraudadores, infantas cuatreras, copilotos de Maseratis, vendedores de máscaras anticovid defectuosas, enterradoras de xeriatría, filonarcotraficantes, criadoras de ras, domesticados renacuajos, franquistas, simpáticos borrachines, chantaxistas e facinorosos de distinta pelaxe.

A cerimonia celebrouse nunha igrexa inmatriculada e os párrocos da mesma avisaron aos fieis, que os monaguillos portarían unha terminal de punto de venta (TPV), en lugar do clásico cepillo, para recoller a es-



mola. “Os cartos teñen que ser tan brancos como o vestido da noiva”, manifestou o presbítero dende o altar, comentario que desatou as gargalladas dos convidados.

Segundo informa a revista ¡MongHOLA!,

os asistentes luciron traxes e vestidos de Alta Costura, así como pedrería de recoñecidos deseñadores.

De entre os invitados, o correspondente salientou na súa crónica os fabulosos pendentes da distraída Infanta NÓOSferatu. Pero, na súa opinión, a neta do Emérito foi a gañadora en canto a elegancia porte e distinción. Lucía un traxe negro con botóns dourados, inspirado nas tarxetas black acuñadas en ouro, que lle regalara o seu avó o día no que alcanzou a maioría de idade.

Esta fauna, espero que as aves de rapiña, voitres, xabaríns, raposas e lobos, non se molesten por incluílos dentro do seu conxunto, reuníronse na casa de Deus, transformándoa nun templo de mercadores. Nesta ocasión, o seu fillo non conseguiu evitar que fixeran da súa morada unha cova de ladróns, tal e como fixo hai 20 séculos, suceso narrado por San Marcos no versículo 11:15-18 do Evanxelio.

Dous mil anos despois, os tratantes vingáronse do Todopoderoso, e a día de hoxe, son eles os que están en posesión do atributo divino da omnipotencia. E

mentres todo este poderío concentrábase en escasos metros cadrados, os cordeiriños de Deus, dende o curral metálico construído para a ocasión, ouveaban, aplaudían, sacábanlle fotos e amosaban as xugulares a todos aqueles que lle chuchan o sangue e que se paseaban ante eles con vestidos e complementos que os comúns dos mortais xamais poderemos lucir nin aforrando durante toda a nosa vida. ¡Viva el Rey, viva la infanta, vivan los novios!

Ao día seguinte, as ovelas, xa de volta a súa vida real, non palaciana, incorporáronse ao seu traballo, do que están ata o nabo e no que teñen que suar, mañá, tarde ou noite, ata cumprir 67 anos, para ter dereito a unha mísera pensión, que se dos mercadores dependera tería os días contados. En cambio, os esquilma-dores de fondos públicos dormen tranquilos nas súas alcobas, satisfeitos do seu dócil rabaño e sabedores de que na súa granxa ninguén, xamais, ousará saírse do curral.



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49  
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Departamento propio e axencias  
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

**Fotografía:** Departamento propio

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Redactor Xefe:** Roberto Mansilla Blanco.

**Colaboradores:**

**GALIZA:** Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Isidoro Gracia – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Francisco Puñal.

**PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

**Humor:** Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

## Moncho Conde Corbal presentou en Madrid “Ourense moi cerca”

Luis Menor Pérez, presidente da Deputación de Ourense, afirmou na Casa de Galicia en Madrid que “o AVE é ese factor de competitividade e valor engadido que necesitabamos en Ourense”, un instrumento ao servizo dunha provincia “que ten a inmensa capacidade de asombrar ao viaxeiro”.

Luis Menor realizou estas declaracións durante a presentación do libro “Ourense, moi cerca” do escritor e xornalista ourensán Moncho Conde Corbal e editado pola Deputación. Unha obra, agradeceu Menor, na que se promociona Ourense “como a cidade que lles dá a benvida a Galicia, a pouco máis de dúas horas de Madrid”.

O AVE “é o milagre que transforma as distancias físicas en tempo” e que pon ao alcance de calquera viaxeiro un territorio “que sorprenderá a quen non o coñeza”, subliñou o presidente da Deputación, que ante o salón repleto da Casa de Galicia en Madrid destacou a singularidade termal da provincia, á que se refiren a maior parte dos colaboradores que participan neste libro.

O patrimonio arquitectónico e



Javier Vázquez, Luís Menor Pérez e Moncho Conde Corbal.

histórico, a natureza, o enoturismo, a gastronomía e os camiños xacobeos foron algúns dos recursos máis importantes citados por Luis Menor “nun prólogo da viaxe que me gustaría que fixesen á nosa terra”, convidou os presentes.

Xunto ao director da Casa de Galicia en Madrid, Javier Vázquez, o autor do libro, Moncho Conde Corbal, desexou que este traballo “teña continuidade con máis achegas”. O punto de partida desta publicación, desvelou, foi a inquietude por dar a coñecer a cidade e provincia aproveitando a chegada do AVE a Ourense, “como medio para que os habitantes de Madrid poidan visitarnos máis fá-

cilmente”.

“Ourense, explicou Conde Corbal, incorpora a mirada e os recordos de nove xornalistas, escritores, ilustradores e profesionais da comunicación “con capacidade para expresar literariamente as emocións que lles xera esta terra”.

Coa colaboración fotográfica de Mani Moretón na cuberta, reconvertida en debuxo, e un marcapáxinas coas pontes sobre o río Miño ao seu paso pola capital, o volume transformouse nun obsequio que recibiron os viaxeiros do AVE en Chamartín con destino a Ourense o 23 de abril, coincidindo co Día do Libro.

## Pereiro de Aguiar mellora pistas en Covas, Santa Marta, San Xoán e Calvelle



Actuacións en pistas do municipio.

Técnicos do Concello do Pereiro de Aguiar están a levar a cabo os traballos de renovación de sete pistas situadas en catro parroquias deste municipio: Covas, Santa Marta, San Xoán e Calvelle. Trátase de actuacións de mellora integral dos camiños que conectan distintos núcleos de poboación dentro do Concello. Consisten na aplicación dunha nova capa de rodadura e tamén perfilado e limpeza das cunetas en pistas agropecuarias.

A rede viaria do Pereiro de

Aguiar é unha das máis amplas de Ourense xa que as súas preto de 7.000 habitantes están repartidos nos 62 núcleos de poboación que conforman o municipio. Coa volta do bo tempo, o equipo técnico do Concello retomou os traballos, que afectan concretamente ao novo acceso de Cebreiros, na parroquia de Covas; á Zona Chaira, Veiga de Abaixo e Cimadevila, en Santa Marta; á baixada ao río Grañal, en San Xoán; e a camiños en Vilarchao e en Parladoiro, en Calvelle.

**Adega Vella**  
 Eirexa 14, ABELEDA.  
 32765 A TEIXEIRA – Ourense.  
 Tfnos. 606807897 - 660047602  
 info@adegavella.com  
**Ribeira Sacra**  
 Consello Regulador Denominación de Orixe

**O BRESTIDO**  
**RÚA LEPANTO, 10.**  
**OURENSE**

**Torremolinos**  
 café - bar  
 Marcelo Macías, 35  
 Tlf. 988 231 107  
 OURENSE

**Galicia Gourmet**  
 25 años haciendo amigos  
 Seguimos trabajando para ti...  
 Almacén y oficinas: Ctra. de Baltar Km 3. Xinzo de Limia  
 Tenda: Santo Domingo 4, Praza do Ferro. Ourense  
 648 49 67 56 [www.productosdegalicia.com](http://www.productosdegalicia.com)

## OURENSE

## O BNG critica os investimentos da Xunta no Estadio do Couto

A Secretaria Xeral para o Deporte (Xunta de Galicia) investiu este ano 1.804.235 euros na remodelación do Estadio do Couto e a Consellería de Presidencia, 765.307 euros na obras de rexeneración do campo dotándoo de céspede natural.

O Estadio do Couto, é un estadio de fútbol de Ourense situado no barrio do Couto. É de herba natural e ten bancadas cubertas. O campo ten unhas dimensións de 105 por 68 metros.

É propiedade da Xunta de Galicia e nel xogan os seus partidos como local a Unión Deportiva Ourense e o Ourense Club de Fútbol. Tamén o fixo o Club Deportivo Ourense ata a súa desaparición en 2014.

Foi construído por Educación e Descanso para substituír ao vello Campo da Loña. O estadio foi inaugurado o 29 de agosto de 1948, co partido amigable U.D. Ourense e Racing de Ferrol (3-1). O estadio comeza a chamarse nos anos 50, Estadio de José Antonio e é chamado popularmente como Estadio do Couto. Non sería ata 1986, cando toma oficialmente o nome de Estadio do Couto.

O recinto dispón de 5.659 bu-



Encontro entre a U.D. Ourense e o Betanzos trala renovación do campo.

tacas, todas elas a cuberto, repartidas nas bancadas de Tribuna (1.811), Preferencia (2.231) e Fondo (1.617).

No 2015 a Xunta de Galicia propuxo un investimento de 175.000 euros para poder desprazar aos baixos do estadio as distintas federacións que hai na cidade e así poder usalo como centro neuráxico do fútbol, non só na cidade senón na provincia.

En xuño de 2022, comezaron as obras de reforma do estadio, que finalizaron en marzo de 2024. O sete de abril deste ano, volveu abrir as súas portas, logo das obras, para acoller o partido entre a U. D. Ourense e o Betanzos C. F.

que rematou con empate a cero.

### As críticas

Para o grupo municipal do BNG e tal e como manifesta o seu portavoz e membro do Consello Municipal de Deportes Luís Seara, "nós xa advertimos daquela que con esta actuación non se solucionaban as verdadeiras eivas do estadio pois seguimos tendo problemas estruturais, de accesibilidade e mesmo de seguridade. A Xunta segue a enterrar cartos en reformas que en realidade son parches cando o realmente necesario sería abordar o realmente necesario sería abordar a construción, no propio espazo do actual, dun novo estadio que responda ás necesidades actuais de clubs e afeccionados".

## Fátima, unha parroquia con 16 mil fregueses



Procesión multitudinaria da Virxe de Fátima á saída do santuario.

A parroquia de Fátima en Ourense ten 16.000 fregueses. A imaxe da virxe de Fátima é do autor da imaxe da virxe de Cova de Iría (Portugal). En visita cultural á parroquia de Fátima pódese ver o museo descoñecido e sorprendente onde están obras de Padrós, Jesús Soria, Failde, Maujeam e Ferreira Thedim.

Hai 75 anos da primeira novena solemne de Fátima no ano 1949 na capela do Santo Ángel. O sacerdote José Álvarez (de Maside) que ten unha rúa ao seu nome no barrio do Couto, foi ordenado sacerdote hai agora

85 anos (o oito de xuño de 1944) e faleceu hai 25 anos (o 19 de setembro de 1999), o mesmo ano que o organista do santuario, Antón Abelleira, ambos os amantes da boa música e da virxe de Fátima. En anos posteriores creouse o coro "Nenos Cantores de Fátima".

O programa relixioso das novenas e procesión ofrece moitas misas diarias e cultos con retransmisións a través da cadea de radio COPE coa predicación de monseñor Julián Barrio, arzobispo emérito de Santiago de Compostela.

**Dali**  
CAFÉ-BAR-TAPERÍA

Celebraciones, eventos,  
tapeos y mucho más!

L-V 8:00-00:00 /  
Sábados 9:00-1:00

Salvador Dalí, 5  
O Couto. Ourense

**Café  
Maio**

988 10 10 63 .Rúa Velázquez, 29. OURENSE

**Felices  
Festas**

O Inocente  
Tapería

Menú do día  
Comidas e ceas  
para grupos  
Comidas para levar

Rúa Velázquez, 11. Tfno. 988 616 554 O COUTO. (Ourense)

**FONTE DO VIÑO**

Convidamos á degustación  
de xamón o día 17 de maio  
a partir das 20:00 horas.

Rúa Greco, 4  
Tfno. 655 098 255  
O COUTO. Ourense

# Festas no barrio xuvenil que antes foi “dormitorio” da cidade

O barrio ourensán do Couto celebrará as súas festas desde o día 16 ao 19 de maio, logo dos oficios relixiosos que rematarán o día 13 no santuario de Fátima. Desde 2014, por decisión do goberno municipal do PP, O Couto ten dous distritos O Couto Centro e O Couto Rural. Atópase preto doutras áreas como A Carballeira, O Centro, Vistahermosa e A Valenzá (no Concello limítrofe de Barbadás).

O barrio contaba en 1991 con con 7.374 habitantes, conver-

téndose así nun dos máis poboados de Ourense ata o momento. No ano 2014, caracterizouse por ser unha das zonas ourensás que máis inmigrantes acolleu, procedentes de América do Sur, Europa, África e Asia. No 2015 destacou por contar coa idade media máis baixa de Ourense, 45,2 anos, mentres que no distrito Centro da cidade esta cifra ascendía aos 47,6 anos.

O Couto conta con tres centros educativos: o Colexio Plurilingüe Santo Ángel de ensino Infantil,

Primaria e Secundaria (concertado), o CEIP O Couto e o IES O Couto.

A economía da zona está moi vinculada ao sector terciario, existindo unha gran cantidade de negocios de hostalería e comercio dos sectores téxtil, agrario, librerías e sector da automoción. Nos anos 70 este barrio estaba considerado como “dormitorio da cidade” xa que logo os residentes traballaban no centro urbano.

A programación festiva inclúe as seguintes actuacións: xoves día 16 orquestra Gramola Horizón;



Grupo musical da Sociedade Albor do Couto.


vernes 17 Cinema; sábado 18 Panorama e domingo 19 Combo Dominicano. Estas dúas últimas actuarán nas inmediacións do pavillón municipal dos deportes, ubicación que non convence a

moitos por non estar preto de establecementos hostaleiros. Noutras rúas estarán ubicadas casetas de venda de produtos diversos e de instalacións de xogos para divertimento dos cativos.

## Albor, un referente no Couto

A Sociedade Cultural Albor, referente no Couto, naceu o 15 de abril de 1969 presidida polo avogado Felisindo Arce Vidal. En 1972 tivo teleclub e a súa primeira semana cultural arrincou no Nadal de 1972 recibindo a grandes oradores, entre eles, a don Ramón Otero Pedrayo.

De Albor saíu a asociación de veciños do Couto, en 1978. En 1998 naceu a Coral Albor e no 2004, as pandereteiras. Segundo José Luís Rodríguez Cid, membro da primeira xunta di-



rectiva, o párroco José Álvarez González, que exerceu desde 1949 a 1990, “marcou un antes e un despois na cultura do barrio e tamén nesta sociedade cultural”. O sacerdote dedicou a súa vida para levantar o santuario de Fátima, dirixiu e publicou o boletín parroquial desde 1952, constituíu a confraría de Fátima e abriu dúas escolas parroquiais. Foi en 1969 cando reuniu a un grupo de veciños para formar o que hoxe é Albor. Foi nomeado socio de honra o 27 de abril de 1999 concedéndolle a medalla de ouro.

## Brisas do Miño

O grupo Brisas Do Miño (Santa María de Reza - Ourense) adicou unha homenaxe ó seu fundador Luís Padrón Sotelo en 1992 e SonyArte sacou un casete con estes temas musicais: Pasodoble Brisas Do Miño, Jota da Guía, Pasodoble San Roque, Muiñeira ribeirana, Vals Lembrando, Pasodoble Manoliño, Jota do Campelo, Pasodoble da remolacha, Muiñeira das patelas, Muiñeira da verza, Jota da Mendiña, Muiñeira da Ruada,



Pasodoble do Berbés, Muiñeira das zocas, Jota do Lucas, Muiñeira rabeaches, Jota do Montrove, Alborada de Ourense. Na foto o grupo ensaiando na sociedade Albor.



**A OFICINA**  
Bar de pinchos

Goza dun agradable ambiente e desconecta da túa rutina co mellor persoal degustando unha consumición.

**988 31 80 83**  
Rúa Juan de Angés, 12  
O COUTO (Ourense)



vinoteca  
**Cotrozo**

Bo café e excelentes viños na mellor compañía

Rúa Francisco de Moure, 11 (O Couto)  
Tfno. 988 61 81 41. OURENSE

Elaboración artesanal

Especialidade en bicás



**pastelería Prego**

Obradoiro e despacho: Prego de Oliver, 10. Tfno. 988 17 00 01  
Despacho: Vázquez Núñez, 2. Tfno. 988 17 02 13. OURENSE



**CAFÉ BAR SIAREIRO**

Desaiunos. Petiscos. Refrescos. Zumos. Infusións.

Rúa José Álvarez Glez, 12  
O COUTO (Ourense)

## OURENSE

# Sabores de Ourense do 23 de maio ata o 2 de xuño

O Concello de Ourense, a través da Concellería de Turismo e Termalismo, organiza unha nova edición do concurso "Sabores de Ourense – Pinchos de Primavera", que se desenvolverá desde o día 23 de maio até o 2 de xuño na cidade, coa finalidade de dar a coñecer a riqueza gastronómica da cidade

e as distintas propostas dos establecementos hostaleiros entre a veciñanza e tamén entre as persoas que visitan Ourense.

O certame outorgará tres premios por parte dun xurado profesional, ademais dun accésit ao máis creativo, un premio que concederá o público e un premio ao mellor pincho celíaco.

## Premios para os clientes que degusten os petiscos

Máis de sesenta establecementos de hostalería de Ourense, que ofrecen habitualmente pinchos á súa clientela, participarán no "VIII concurso petiscos de primavera-sabores de Ourense". A maioría están localizados na zona monumental e outros no Ensanche,



**CASA CORTÉS. Xeito.** Croqueta de pataca e torrezno de Soria, empanada en panko acompañada dunha salsa de froitos vermellos.



**O CAPRICO. Serranito galego.** Solomillo ibérico, xamón ibérico e pementos de Padrón.



**TAPITAS DE MARIÁN. Bomba Tropical:** Aguacate, salmón e mango.



**EL CORRAL. Xeitosiño de Primavera:** Salsa de champiñóns con queixo roquefel.

San Francisco, Avenida de Buenos Aires, Zona Universitaria, A Ponte e Hospital. Os clientes que adquiren un petisco por tres euros, recibirán un ticket que será selado polo responsable do local. Ao conseguir catro tickets doutros locais diferentes procedese á elección do mellor petisco e a papeleta do cliente cos seus datos entrará nun sorteo que lle dará opción a recibir premios. Publicamos o nome do local., a denominación do petisco e a súa composición.

## Normas de participación no concurso

Os establecementos que fixeron inscrición no concurso e presentaron a documentación e foto do petisco antes do día 23 de abril, comprometéronse a: Presentar un

pincho orixinal e inédito. Presentar un pincho cun prezo mínimo de 2,50 euros e máximo de 3,50. Servir ao público un pincho que se corresponda ao da foto do folleto municipal (non podendo cambiarse ou modificarse). Garantir a dispoñibilidade do pincho nos días da semana e horarios elixidos.

O incumprimento das devanditas bases e condicións pode implicar a eliminación do concurso e o veto en futuras edicións.

Os concursantes indicarán o prezo apto para celíacos e indicarán tamén os alérxenos do pincho: Cereais, Ovos, Lácteos, Peixe, Moluscos, Crustáceos, Cacahuets, Soia, Froitos secos, Sésamo, Apio, Mostaza, Chícharos de raposo e Sulfitos.



## Unha exposición amosa a devoción popular á Virxe dos Remedios caldelá

O Bispado de Ourense vén de inaugurar unha exposición con distintos elementos históricos e artísticos representativos da relixiosidade popular de Castro Caldelas cara á Virxe dos Remedios, ademais da coroa, elaborada en prata sobredourada en base a un deseño do afamado pintor malagueño Francisco Naranjo, así como o manto, vestido e coroa do neno, preparado todo iso para a coroación eclesiástica do día 12.

A este acto, presidido polo bispo de Ourense, Leonardo Lemos Montanet, asistiu o presidente da Deputación, Luís Menor, quen explicou que esta exposición amosa a devoción popular que Castro Caldelas sempre profesou cara a Virxe dos Remedios, con textos



Momento da inauguración da exposición.

incluso de Vicente Martínez Risco y Agüero que amosan ese sentimento que se mantivo durante séculos e que hoxe en día se mantén ben vixente.

Menor Pérez sinalou: “sentímonos honrados de colaborar cunha mani-

festación da espiritualidade e da relixión, aspecto moi importante para a cultura cristiá”, citando ademais outros exemplos como a Virxe de Fátima, en Ourense, e a Virxe dos Milagres, en Baños de Molgas.

## Adegal forma e asesora a oitocentos asociados na Limia

Luís Menor Pérez, presidente da Deputación de Ourense, mantivo un encontro cos representantes da Asociación de Empresarios, Gandeiros e Agricultores da Limia (Adegal), no que se abordaron diferentes liñas de colaboración entre a institución provincial e

esta entidade en materia de formación e asesoramento para os preto de 800 asociados.

O tesoureiro, Celso Gómez, maila técnico da asociación, Laura Rodríguez, explicaron a Luís Menor o labor que desenvolve un colectivo fundado hai 12 anos para apoiar ás empresas,

agricultores e gandeiros da Limia.

Trala xuntanza, o presidente provincial puxo en valor o traballo dunha asociación que pon o foco das súas accións “na comarca máis puxante do sector primario da provincia e unha das máis importantes de Galicia”.

## O Pereiro aproba o maior orzamento da súa historia

O Concello do Pereiro de Aguiar aprobou os orzamentos máis altos da súa historia, 6.815.000 euros, nos que destaca a aposta polos servizos sociais, igualdade, conciliación e apoio ás familias, cunha partida de 1.135.000 euros. Experimentan un incremento de 110.000 euros respecto a 2023, a pesar da conxelación na participación do Concello nos tributos do Estado, o que supón unha diminución considerable de ingresos municipais, segundo manifestou o alcalde, Luís Menor.

O Pereiro mantén a débeda en cero e non aumentou ningún imposto nin taxa municipal, e o remanente de tesourería supera os 245.000 euros. No apartado de investimentos reais, con 1,3 millóns de euros, destacan as obras en estradas e camiños municipais (332.000 euros), actuacións de eficiencia enerxética (150.000), parque empresarial (130.000) e a aldea modelo (150.000 euros). Para as áreas de educación, cultura e deporte destínanse 565.000 euros.

O alcalde subliña que o investimento non se reduce aos orzamentos municipais e detalla que, actualmente, están en execución diversas obras que marcarán o futuro do Concello. Por unha banda, a inminente finalización da primeira fase do Parque Acuático, cun investimento de 10 millóns de euros e que entrará en funcionamento este verán. Tamén está en marcha a ampliación do parque empresarial, con máis de 230.000 metros cadrados e con máis do 70% da superficie reservada.

No apartado de servizos está a ampliación do colexio Ben-Cho-Shey, e a construción do novo instituto, que é unha dos grandes investimentos deste mandato.

**a Barbería**  
TAPERÍA

Especialidade en comidas caseiras  
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

**Café Bar LOBERA**

Todo los días:  
petiscos variados.  
Domingo: callos.  
Luns: riles.

Para degustar no local e para levar.

638 30 88 34 . Rúa Velázquez, 1. O Couto. Ourense

**acouBAR**

Comida tradicional galega  
Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

**EL CORRAL**

Proba os nosos viños e caldo galegos.  
¡Sírvete ti mesmo!

Praza dos Suaves. Casco Vello Ourense. Tf. 607 23 65 81

## OURENSE

## Festa do Boi en Allariz do 25 de maio ao 2 de xuño 0 queixo de Allariz en Galicia Fórum Gastronómico

A Asociación Cultural Xan de Arzúa e o Concello de Allariz organizan a Festa do Boi 2024 que terá lugar do 25 de maio ao 2 de xuño. O colectivo cultural está composto por veciños e veciñas que cada ano traballan para que a Festa do Boi se celebre en Allariz. Está composta por preto de cen persoas voluntarias que se encargan dende a atención da Tenda do Boi, ata a pedicha porta por porta, a colocación da decoración das rúas ou a organización da festa, entrou outras moitas.

Un ano máis, durante nove días desenvolveranse máis de cincuenta actividades. Música, teatro, actividades infantís, encontros populares e, por suposto, as saídas do boi centrarán a programación festiva.

Pola tarde se fará unha presentación a cidadanía da programación, como ven sendo habitual. Así mesmo tamén non adiantou que despois do éxito acadado o ano pasado, o venres 29 de marzo o Campo da Barreira acollerá unha festa coa Discomóvil Apocalipse na que presentará a Festa a toda a mocidade local.



A organización presentando a festa 2024.

A Asociación Xan de Arzúa aposta polo carácter cultural e histórico da festa potenciando actividades como a procesión medieval na que participan máis de vinte gremios. Arredor de 600 persoas ataviadas cos seus respectivos traxes representan, de xeito divertido, a orixe da Festa do Boi.

Unha das novidades de este ano é a recuperación da comida popular do sábado, que se celebrará en Paicordeiro o sábado 25. Ese mesmo día ás 16:00h

habrá Foliada con Xisco Feijóo. Dende a organización convidan a todas as persoas que se acheguen se queren co seu instrumento para festexar todos e todas xuntas o inicio da edición de 2024.

Os nenos e nenas terán o seu espazo na Festa coa programación de actividades como as saídas do boi infantil, o espectáculo de monicreques creado polos centros de ensino de Allariz, o Pistaboi, a merenda infantil ou a actuación do mércores a tarde.

Galicia Fórum Gastronómico estivo aberta na Coruña e constituíu un dos mellores escaparates para a promoción das empresas da economía social, entidades con gran presenza na comunidade que manteñen un compromiso real co emprego igualitario e de calidade e co territorio.

Anxo Quintana estivo convidado para falar dos seus proxectos no Ecoespazo O Rexo de Allariz. “É a convención gastronómica máis importante do norte de España. Reúnen os mellores chefs, restaurantes e produtores de materia prima”, comentaba Quintana. “É especial para que as queixerías máis importantes expoñan os seus produtos. Temos a sorte de que nos convidaran a expoñer o queixo do Rexo”, explica o que fora alcalde da vila e vicepresidenta da Xunta.

Quintana explica que sempre quixeron colaborar e multiplicar co que se fai en Allariz, elaborando queixo de vaca feito coa granxa Coleia de Allariz, un proxecto colaborativo e innovador. “Nós non conformámonos con facer queixo e presentamos neste foro o cordeiro e os embutidos de ovella”





# ALFESO

## Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES  
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontareas T. 986 66 00 00



**Especialidade  
"cega maridos"**

**Sobremesas  
caseiras**

**Terraza exterior**

**Rúa Vilanova, 1**  
Tfno. 988 442 191





## o pepiño

produtos galego de calidade

**o pepiño de Allariz**

Casa de xantar tradicional. Xamón de boi

Rúa da Cruz, 1. Tfno. 988 442 530

# Roi Xordo

## Gastro ★ Café

**Menú "a deshora"**

Praza dos Mesóns, 3.  
Teléfono 988 891 106





## SALVATERRA DE MIÑO

## Proxectos de recuperación de espazos en Leirado, Salvaterra e Cabreira

O Concello de Salvaterra destina 44.975,70 € a través da subvención da Rede Ágora da Deputación de Pontevedra para a redacción de tres proxectos que buscan a recuperación do espazo público de tres enclaves prioritarios.

A primeira actuación ten como ámbito a contorna da Capela de San Roque en Leirado, coa humanización da praza ordenando a zona de aparcamento e delimitando a zona peonil cun cambio de pavimento e xardineiras.

A segunda actuación pretende levar a cabo un estudo do espazo para o entorno da Fortaleza dando



continuidade as accións acometidas en toda a contorna.

O último proxecto ten como ámbito de actuación o entorno

da Capela de San Roque en Cabreira, coa execución dun novo firme transformando a totalidade da rúa.

## Volve Salvaterra Milenaria o 24 de maio con mercado-exposición e xogos

O vindeiro 24 de maio celébranse os máis de mil anos de historia da vila de Salvaterra de Miño, xa que o primeiro documento escrito que fai referencia a esta localidade foi asinado o 24 de maio do ano 991.

Con motivo desta celebración, o Concello de Salvaterra de Miño prepara un día de actividades no

recinto amurallado pensada para todo/as. Nesta ocasión dende a Concellería de Cultura organízase un mercado-exposición onde comercios, artesáns ou asociacións interesados poderán participar deste evento que terá lugar o sábado 25 de maio durante todo o día.

Ademais o Concello de Salvaterra tamén ten programadas ac-

tividades para o/as neno/as pola mañá con xogos populares e contos sobre a historia de Salvaterra e pola tarde unha actividade familiar con acertixos e probas. Aqueles interesados en participar no mercado-exposición deberán enviar os seus datos a seguinte dirección de correo electrónico [comunicacion@concellodesalvaterra.org](mailto:comunicacion@concellodesalvaterra.org)

## S.C.D. do Condado, Premio Especial á Embaixada da Amizade Galego-Lusófona

O xurado dos premios aRi[t]mar da música e a poesía galego-portuguesa vén de decidir que a Sociedade Cultural e Desportiva do Condado será a entidade recoñecida co Premio Especial do Xurado á Embaixada da Amizade Galego-Lusófona na próxima edición da gala.

Nada en Salvaterra, a Sociedade conta cunha participación de sindicalistas, independentistas e

activistas do movemento veciñal con máis de 50 anos de historia en prol do fortalecemento da lingua e cultura galegas e os seus vínculos coa cultura lusa. En 1978 acolleu as actuacións de Zeca Afonso, Vitorino e Fausto, o máis representativo da Música de intervenção portuguesa e vencellada ao 25 de abril.

## Mellora dos vestiarios do campo de fútbol do Oural



A Deputación de Pontevedra financiará integramente as obras de reforma dos vestiarios do Campo de Fútbol do Oural, cun orzamento de máis de 88.000 euros. As obras permitirán acondicionar os locais localizados baixo a grada do campo que agora se viñan empregando como almacéns. Na actualidade

o campo conta con outros dous vestiarios (e outro pequeno para colexiados), que resultan insuficientes nos días de adestramento ou partido. O novo espazo contará con medidas de illamento e eficiencia enerxética, e terá candansúa zona para cambiarse, outra de duchas e máis unha cabina individual accesible.

## Xornada de portas abertas no Museo do Viño



O Concello de Salvaterra organiza unha xornada de portas abertas para descubrir o Museo da Ciencia do Viño o sábado 18 de maio, Día Mundial dos Museos. De xeito gratuito e con prazas limitadas e por grupos os visitantes descubrirán este espazo de características única en España, un es-

pazo de divulgación da viticultura e enoloxía altamente interactivo, didáctico e idóneo para o disfrute de toda a familia.

O horario é de once a dúas do mediodía e de cinco a sete da tarde. As inscricións en [museocienciaviño@concellodesalvaterra.org](mailto:museocienciaviño@concellodesalvaterra.org) ou nos teléfonos 617 148 866 e 629 770 177.

**El Rincón de Mary**

SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

**Agrícola "A Sementeira"**

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA  
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Telfs: 986 65 93 94 - 606 74 50 09  
c/ Rúa Galicia, 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)

**MARANTÍA SEGUROS**

Telf: 986 659 101  
[pino.rodriguez@occident.com](mailto:pino.rodriguez@occident.com)  
Rúa Curros Enríquez 4, baixo 3  
SALVATERRA DE MIÑO

## BAIXO MIÑO

TUI

## Récord de participación no X Trofeo de Baile Deportivo da Eurocidade

O X Trofeo de Baile Deportivo da Eurocidade, celebrado os días 20 e 21 de abril no pavillón de deportes de Valença, batíu o seu record con máis de 400 participantes de Galicia, Portugal e doutras comunidades españolas, destacando o centenar de bailaríns que chegarán dende Cantabria. Esta competición federada, organizada pola Escola de Baile Pasos Galicia, en colaboración coa Eurocidade Tui-Valença, contou con cinco modalidades: bailes latinos, caribeños e estándar, danza coreográfica e solo dance.

Ademáis a Eurocidade Tui-Va-



lença será a sede da penúltima proba do Circuito Ibérico de Baile Deportivo que se puxo por vez primeira en marcha, e que será puntuable para os ranking tanto

de España coma de Portugal. En Tui celebrárase o 5 e 6 de outubro. O obxectivo é que a partir de 2025 o Trofeo da Eurocidade pase a formar parte do Circuito Ibérico.

## Comezaron as obras de reconstrución da ponte sobre o regato Fonte do Febreiro en Paramos

A mediados de abril comezaron as obras de reconstrución da ponte sobre o regato Fonte do Febreiro, en Paramos, que se vira afectada polas intensas choivas de xaneiro de 2023.

Debido ao comezo das obras a ponte estará cortada completamente. Dende hai un ano está cortado o tráfico rodado e agora tamén o tránsito peonil.

As obras foron adxudicadas á empresa Servicios Medioambientales del Miño S.L. por un importe de 48.188, 24€, financiado ao abeiro das Subvencións para a reparación dos danos causados polas inundacións da Deputación de Pontevedra. O prazo de execu-



ción estímase nun mes.

Esta ponte sobre o regato Fonte do Febreiro está situada en plena senda PRG-19 entre Tui e Caldelas, polo que as persoas que durante as próximas semana camiñen pola senda, neste punto

deberán empregar rutas alternativas para continuar.

Por outra parte vén de ser adxudicada á empresa COVSA a obra de construción da nova ponte sobre o río Cotarel que une as parroquias de Randufe e Pazos

## O Concello de Tui ilumínase de vermello polo Día da Hemofilia



A casa do concello de Tui ilumínouse de vermello o 17 de abril con motivo do Día Mundial da Hemofilia.

Deste xeito o Concello de Tui respondeu á solicitude realizada dende AGADHEMO, a Asociación Galega de Hemofilia, que con este acto simbólico quere chamar a atención cara ás persoas afectadas por trastornos da coagulación hereditarios, que en Galicia son máis de 300 persoas.

Ao longo do ano o Concello de Tui súmase á distintas cam-

pañas promovidas por asociacións e colectivos para visibilizar as súas campañas con motivo do Día Mundial, iluminando a casa do concello de distintas cores. Así o pasado 2 de abril a casa do concello ilumínouse de azul con motivo do Día Mundial do Autismo. Tamén o edificio tinguiuse de laranxa polo Día Mundial da Epilepsia, de verde polo Día Mundial do Alzheimer, o Día Mundial da Saúde Mental, ou o Día do Perthes, entre outros.

## Roteiros naturais en maio e xuño

O Concello de Tui organiza unha serie de roteiros para descubrir o patrimonio natural tudense dende o 28 de abril até o 30 de xuño.

O 4 de maio terá lugar a XX Andaina Solidaria Tudense organizada polo Club Andatui. O domingo 5 de maio será o paseo en barco Río Miño, patrimonio natural. Na fin de semana do 11 e 12 de maio percorrerase o senda do río Furnia. Dende o

Centro Cultural de Ribadelouro partirá o domingo 19 de maio o roteiro pola Zona de Especial Protección dos Valores Naturais Rede Natura nesta parroquia tudense. O sábado 25 de maio percorrerase o Roteiro da Pedra Santa e río Lagartón. As propostas do mes de maio compléntanse co Trilho da Fortaleza, que forma parte do calendario de andainas da Eurocidade, o domingo 26 de maio.



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

## Aridos do Mendo, s.l.



*Aridos e Formigóns*

TUI

## PSOE e PP de Tui enfróntanse polo peche temporal do Mercado Municipal

O peche temporal durante cinco semanas do Mercado Municipal tudense provocou un cruce de comunicados entre o PP e PSOE locais. Dende o 6 de maio o mercado municipal cesou toda a súa actividade comercial durante alomenos 5 semanas, tal e como comunicou o Alcalde Enrique Cabaleiro aos praxeiros e praxeiras unha semana antes.

**PP: "o goberno municipal non ofrece alternativas aos praxeiros"**

O voceiro do Partido Popular tudense, Nico Montes, lamentou que "a falta de xestión e de previsión" do goberno municipal supoña aos praxeiros "o peche dos seus establecementos durante polo menos mes e medio sen ofrecer unha alternativa adecuada as súas necesidades".

Segundo os populares, esta medida "incumpre directamente a palabra e o compromiso do Alcalde e da concelleira de comercio, Ana Núñez, cando ó inicio das obras, para sortear o forte rexeitamento a esta intervención, lles asegurou aos traballadores, que durante as



labores de remodelación do mercado municipal poderían continuar coa súa actividade comercial ó ser estas levadas a cabo en dúas fases. Agora cambian radicalmente de opinión e deciden de xeito unilateral pechar este espazo sen ofrecer unha alternativa".

**PSOE: "o goberno non faltou a súa palabra"**

Pola súa banda, o PSOE saiu ao paso para "desmentir ao Partido Popular de Tui" sobre as súas acusacións de que "o goberno faltou á palabra dada" e que esas declaracións "non lle fan dano ao goberno, fanlle dano á imaxe

de Tui". Aseguran os socialistas que "o que non conta o señor Nico Montes é que nesa entrevista que da lugar a ese titular a concelleira conta exactamente cal era o plan que se está a executar á perfección. .

Informou o PSOE local que "os praxeiros e praxeiras serían reubicados durante a Primeira Fase da obra na mesma Praza de Abastos. E unha vez rematada, se licitarían os postos e xa se incorporarían na Praza xa reformada". "Esperamos que (o PP) se desculpe publicamente por esta mentira", finalizou o comunicado.

## Asemblea comarcal socialista en apoio a Pedro Sánchez

O secretario xeral do PSdeG-PSOE na provincia, David Regades, liderou en Tui o encontro de cargos e militancia do Baixo Miño e do Condado-A Paradanta, para trasladar o agradecemento polo decidido apoio a Pedro Sánchez e reafirmarse na defensa da Democracia e do Estado de Dereito fronte "a estratexia de bulos e mentiras da dereita á que temos que contestar con máis dereitos e falando coa xente para que saiba o que está ocorrendo".



No acto tamén participaron deputados e deputadas nas Cortes Xerais, no Parlamento galego e na Deputación, así como alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras de Tui, Tomiño, A Guarda, Oia, A Cañiza, O Porriño e Salvaterra. Regades alentou a "esforzarnos" de cara á próxima cita electoral dos comicios ao Parlamento Europeo e seguir sendo "a provincia máis socialista de Galicia onde gobernamos a medio millón de persoas fronte ás 200.000 do PP".

## Quince persoas fórmanse en limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais



O Centro Municipal de Formación do Concello de Tui en Guillarei está acollendo un curso de Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais cun total de 248 horas lectivas, no que participan 15 persoas.

O alumnado realiza 80 horas de prácticas non laborais nas empresas Ascan Servicios Urbanos, LHYP Grupo, Limpiezas Faro e Starnaliza. Ao remate desta actividade formativa recibirán o correspondente certificado de profesionalidade.

## "Casa dos Libros Orfos"



A Biblioteca Municipal puxo en funcionamento a "Casa dos Libros Orfos" dende o pasado 23 de abril, Día do Libro, nun dos quioscos da céntrica Praza da Inmaculada. A iniciativa permite depositar un amplo conxunto de libros repetidos ou descatalogados que pon ao dispor da cidadanía que pode collelos en calquera momento para gozar dun rato de lectura na propia Praza ou levalo á casa, e

mesmo quedarse con el coa única condición de deixar outro no seu lugar. Nesta "Casa dos libros orfos" tamén teñen cabida os libros que xa non interesan nos andeis domésticos, coa condición que no sexan enciclopedias ou libros obsoletos.

Esta actividade forma parte da programación do "Mes das Letras" que promove a concellería de Ensino, Cultura e Mocidade a través da Biblioteca Municipal.

**GASOLEOS TEA**  
Distribuidor oficial REPSOL para:  
**CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN**  
**SERVICIO A DOMICILIO**  
PONTEAREAS | 986 66 13 90  
986 66 13 89  
A GUARDA | 986 61 43 61  
REPSOL

**Óptica mahen**  
mahen ..... Ópticos desde 1939  
Nº Reg. Sanitario E-36-000038  
PONTEAREAS  
rúa senén canido, 4

## BAIXO MIÑO

## Socialistas do Tomiño denuncian fugas nos Tubaxes de Auga Limpa

O grupo socialista de Tomiño criticou que o Concello costee a reparación da fugas da tubaxe de auga limpa en Figueiró tomando en conta que é unha instalación de dubidosa titularidade e da cal beneficiáanse outros estamentos para dar un servizo polo que cobran.

Criticou igualmente que o Concello se vanaglorie da reparación cando foi precisamente un mem-



bro do PSOE local quen, durante seis meses, insistiu na necesidade de facelo e conseguiu a confirmación afirmativa de reparación. O/as socialistas tamén denunciaron a incoherencia do PP local de votar a favor da urxencia de reparación e logo críticala, lembrando que o presidente do Consorcio de Augas que usa esa tubaxe é o Alcalde do Porriño, tamén do PP.

## Tomiño afectado por praga de moscas

Violeta de Santiago e Mirta Misa, representantes de Socialistas de Tomiño, denunciaron a "nova explosión de praga de moscas" no municipio e a "inacción" do Concello ante as reiteradas mocións presentadas ao Pleno e iniciativas ó Parlamento de Galicia que "foron vetadas e que acarrexaron intimidacións ás Concelleiras socialistas no seu día". Afirman que "é tal a desesperación que moitos veciños e veciñas están prantexándose pechar os seus negocios e marchar do municipio".

As socialistas criticaron que



en 2022 o goberno municipal encargou un estudo á UVigo, que non foi asinado ata abril de 2023, no que mentiron á veciñanza sobre un presunto "protocolo in-

novador de actuación" para tentar solucionar o problema. Consideraron que foi a presión dos veciños o que permitiu que ese estudo fora finalmente rematado.

## "IV Ruta do Libro" na Guarda

Con motivo do Día internacional do Libro celebrado o pasado 23 de abril, o Concello da Guarda impulsou unha serie de actividades como o desconto do 10 % en libros durante todo o día nas librerías Cervantes, Atlántica, Ideas e Ler, así como o inicio da

IV Ruta do Libro.

A ruta do libro é unha iniciativa que pretende fomentar o consumo de libros no comercio local, mediante a cal polo gasto mínimo de 30€ en libros poderase obter un agasallo a recoller na Biblioteca Municipal. As datas da campaña van do 23 de abril ao 25 de

maio.

Entre outras actividades se presentaron obras de teatro e de monicreques como Fábulas da Montaña de Concepción Arenal e outras de Samaniego, La Fontaine, Emilia Pardo Bazán e unha proposta de narración oral de contos por parte de Cris de Caldas.

## Problemas de circulación no camiño do Carballo en Goián

O grupo socialista, logo de manter unha xuntanza cos veciños e rexistrar unha moción para o pleno, trasladan a súa indignación polo caos na circulación, a falta de seguridade dos viandantes e os desperfectos nas vivendas no camiño do Carballo en Goián.

Consideran que os problemas que sufren os veciños da zona foron creados polo Concello coa peonalización da Avenida Ordóñez e a implantación dun único sentido da rúa, o que incrementou o tránsito no camiño do Carballo. O paso de vehículos pesados, firme en pésimas condicións e falta de aceras fan que os veciños teñan que sufrir



o exceso de ruído, inseguridade e danos nos muros das vivendas. Acusan ademais ao goberno de non recibir aos afectados nen darlle respostas nin solucións.

## Oia presenta a súa guía turística interactiva

Alcaldesa de Oia Cristina Correa, os técnicos da empresa Boldest (encargada de elaborar a aplicación) e da consultora Sherpa Project vén de poñer en marcha unha guía turística interactiva para facer máis accesible a información dos seus principais atractivos e mellorar a experiencia das persoas que visitan o municipio.

A guía interactiva está dispoñible en galego, castelán e

inglés e estará accesible a través de adhesivos e folletos con QR a disposición do público nos establecementos locais así como a oficina de turismo. Inclúe información práctica sobre temas como o Camiño Portugués da Costa, rutas de sendeirismo, paisaxe e natureza, miradoiros, patrimonio cultural, turismo activo, opcións de aloxamento, restauración e outros servizos de interese.

## Concerto didáctico no Rosal

Agrupación Musical do Rosal e a Escola de Música organizan para este sábado 11 de maio ás 11:30h un Concerto Didáctico no Auditorio Municipal para dar a co-

ñecer a/os neno/as no uso dos instrumentos musicais.

A actividade contará coa presenza do profesorado da Escola, así como coa participación da Minibanda e da Banda da Escola.

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)



DISCARLUX

COME MENOS CARNE,  
ELIGE MEJOR.

Distribución en Galicia del mejor  
vacuno mayor nacional y de importación.

[www.discarlux.es](http://www.discarlux.es)



## Uxía, Luis Pastor e João Afonso emocionan Salvaterra no 50 aniversario do 25 de Abril

Máis de 200 persoas renden homenaxe aos logros da Revolución dos Cravos

A Casa da Cultura de Salvaterra de Miño acolleu no domingo 28 de abril unha emotiva conmemoración polo 50 aniversario da Revolución dos Cravos, que en 1974 puña fin ao fascismo en Portugal. A entrañábel amiga da SCD Condado Uxía, o recoñecido cantor pola liberdade Luis Pastor e o grande sobriño do Zeca, João Afonso, foron as voces que guiaron a homenaxe, a través de versións de cancións de José Afonso, así como composicións propias e mestizaxe entre os estilos destes artistas, compondo un triángulo expresivo que conmoveu o público presente.

O acto de Salvaterra, organizado pola Sociedade Cultural e Desportiva do Condado, puxo fin á xira "Portugal/Galiza. Santa Liberdade: Uxía canta Abril", coa que a cantora da Louriña percorreu diferentes localidades portuguesas. O Condado e a Galiza foron o broche final deste espectáculo, no que, ademais de evocar a Revolución dos Cravos foron lembrados episodios de irmandade galaico portuguesa como a loita antifascista, así como a música tradicional das dúas marxes do



Miño e o papel da canción de intervención nas pasadas décadas.

Foron máis de 200 as persoas que non quixeron perder este evento, procedentes de numerosos puntos da xeografía galega, enchendo por completo o salón de actos da casa cultural de Salvaterra de Miño. E, como non, o acto concluíu co canto colectivo do 'Grândola, vila morena', a peza de José Afonso que serviu como sinal para dar comezo ao alzamento militar de 1974 e acabou por ser un símbolo tanto desta revolución como da liberdade dos pobos.

### Luz Fandiño, presente


Poucas horas antes desta tarde festiva, a Galiza coñecía a triste noticia do pasamento da activista e poeta Luz Fandiño, amiga do Condado e do seu Festival da Poesía. A súa presenza fíxose sentir no acto, cunha cadeira vazía na primeira fila, onde sentou unha das súas bonecas e onde non faltaron cravais para render unha dobre homenaxe, a do Abril revolucionario e a da incansábel e imprescindible Luz, que agora ocupa un lugar destacado no noso particular panteón de galegas ilustres.

## Presentación do libro de Cans

O vindeiro 22 de maio, dentro da programación do Festival de Cans, terá lugar a presentación do libro "Cans. Nomes dos lugares, patrimonio e historia" de Arístides Carrera.

Trátase dun novo tomo da colección dos libros "Nomes dos lugares entre O Porriño e Ponteareas". O libro de Cans lembra os seus lugares, incluíndo o territorio que foi arrasado polas escavadoras para construír a nova estrada N-120 e posteriormente a autovía da Rías Baixas.

O pasado ano o autor presentou os libros de Guláns e Areas. Agora tócalle a Cans e máis tarde daranse a coñecer os



libros sobre as parroquias de Arnosó, Xinzó e Cristiñade.

Arístides Carrera leva 15 anos recollendo información sobre os nomes dos lugares, ordeados de forma xeográfica, o seu patrimonio e a súa historia.

## Estratexia Turismo Rías Baixas



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, destacou a aposta do goberno pola modernización e mellora do turismo na provincia durante a presentación do inicio da fase participativa da elaboración da estratexia de Turismo Rías Baixas.

O obxectivo desta fase é contar coa opinión e a análise do sector. Acompañado pola deputada de Turismo, Nava Castro,

o mandatario provincial repasou os datos que reflexan que o momento do turismo provincial: "temos un 20% máis de turistas estranxeiros que antes da pandemia; rexistramos un 30% máis de gasto turístico; hai un 3% máis de prazas hoteleiras e case un 60% máis de albergues que en 2019; e a demanda en hoteis no primeiro cuadrimestre de 2024 con respecto ao mesmo período de 2023, medrou case un 15%".

## Lisboa vibrou con Ponte...nas Ondas"

A Asociación Ponte...nas Ondas! presentou na capital portuguesa o seu modelo de patrimonio inmaterial galego-portugués no Instituto Español e no Centro Galego, os días 2 e 3 de maio. Os eventos poideron seguirse a través do Instagram do instituto lisboeta e das webs de PNO, e estará dispoñible tamén en Youtube.



**globaltea**  
informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS  
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA  
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PINTURAS  
**BARCO LEÓN**

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES  
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas  
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza



## MISCELANEA

## Charla sobre América Latina en Vigo

A Oficina Municipal de Distrito de Casco Vello de Vigo (rúa Oliva, 21) acolle este 16 de maio o coloquio "América Latina en 2024. Cambios políticos no Bicentenario das Independencias", na que participarán o xornalista de orixe peruano Luis Esteban González Manrique, analista

internacional na revista Estudios de Política Exterior; e Roberto Mansilla Blanco, analista internacional e redactor xefe de Foro A Peneira-Novas do Eixo Atlántico.

González Manrique abordará a perspectiva histórica sobre "As frustracións da 'Patria Grande', 200 anos despois da vitoria na

Batalla de Ayacucho (1824)"; toda vez Mansilla Blanco botará unha ollada máis contemporánea ante "Un nuevo ciclo latinoamericano. Bicentenarios, tendencias, integración e política exterior".

O evento conta coa colaboración da Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

## Xunta e AECT Rio Minho abordan proxectos transfronteirizos



O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, reuniuse cos responsables da AECT Rio Minho no marco da rolda de contactos coas distintas AECTs da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. A xuntanza serviu para coñecer de primeira man as prioridades e os proxectos que ten en marcha este instrumento de cooperación que abrangue 16 concellos da provincia de Pontevedra e 10 da CIM Alto Minho.

Asistiron o director da AECT Rio Miño e alcalde da Guarda, Roberto Álvarez; o vicedirector e alcalde de Vila Nova de Cerveira,

Rui Teixeira; o presidente da CIM Alto Minho e alcalde de Melgaço, Manoel Batista, e os alcaldes de Salvaterra, Marta Valcárcel, de As Neves, José Manuel Alfonso e de Tui, Enrique Cabaleiro. Ademais de tratarse temas de actualidade relacionados co funcionamento da institución, examináronse aspectos vinculados coa cooperación transfronteiriza co obxectivo de mellorar as condicións e a calidade de vida da cidadanía das zonas limítrofes, potenciando as relacións entre territorios. Gamallo reuniuse tamén coa AECT Chaves-Verín e a futura AECT da Raia Seca.

## Portugal eliminará en 2025 as peaxes con Galicia

A partir de xaneiro de 2025 poderá circularse de xeito gratuíto polas autoestradas portuguesas ata Porto. A proposta dos socialistas portugueses (PS) de eliminar as peaxes en ata sete autovías que conectan con Galicia, entre elas a A-28 que conecta Tui con Porto pasando por Viana do Castelo, foi aprobado este 2 de maio polo goberno conservador de Luis Montenegro.

O Bloco de Esquerdas, Partido Comunista e incluso a extrema dereita de Chega! apoiaron tamén esta medida. O custe da operación será de 157 millóns de euros. Tamén serán gratúitas a A24 que



conecta Viseu coa fronteira Chaves-Verín e as autovías A4, A13, A22, A23 e A25.

Lisboa adoptou en 2010 o cobra das peaxes nas vías denominadas SCUT (Sen Custe para o Usuario), en plena crise financeira

en Portugal e baixo un clima de forte contestación social. O PS sempre amosou a súa oposición a esta medida que, no caso do Norte de Portugal con Galicia, implica un fluxo constante de transportes e viaxantes.

**CREOU UN MUNDO EN CADA PALABRA**  
Dedicado a LUÍSA VILLALTA

17 MAIO | DÍA DAS LETRAS GALEGAS

XUNTA DE GALICIA

## David Regades repite como Delegado do Estado na Zona Franca

Dúas semanas despois da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, David Regades asumiu este 18 de abril o cargo de Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo. O evento contou coa presenza do Delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; e do Alcalde de Vigo e Presidente do Consorcio, Abel Caballero, entre outras autoridades.

Ante 400 representantes do tecido empresarial, social, institucional e político galego, Regades afirmou o seu compromiso con Vigo. Fixo balance da súa xestión anterior no cargo na que nos seis últimos anos pasaron de 660 a 706 empresas localizadas na Zona Franca; de 17.569 traballadores a 20.000; dun investimento que superou máis de 60 millóns de euros



e dos 480 millóns de activos contables. Destacou que no Porto do Molle están por construírse 14 novas naves e 30 novos obradoiros e que se ampliará o Parque Tecnolóxico e Loxístico en 252.000 m<sup>2</sup>. Outros proxectos en marcha son o

Centro TIC de López Mora, o World Car Center, o edificio Down Vigo, a instalación dos paneis solares de Hidróxeno Verde de Bouzas, o crecemento dos polígono de Citroën da Pasaxe, Gondomar, A Cañiza, Vilaboa e Cuntis.

## “Pontevedra, Provincia +Inclusiva”

O presidente da Deputación, Luis López, reafirmou o compromiso do goberno provincial por “tender pontes” coas entidades de acción social que exercen o seu labor no territorio pontevedrés coa presentación desta iniciativa de apoio dotada con 180.000 euros.

Este novidoso plan posto en marcha este ano por primeira vez pola Deputación consiste nunha liña de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro en

materia de inclusión e benestar social que operen en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra. Cada organización poderá recibir ata un máximo de 10.000 euros de axuda que poderá destinar a construír espazos accesibles, redactar proxectos de accesibilidade, adquirir sistemas inclusivos de comunicación ou equipamentos relacionados coa mobilidade e o coidado persoal. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o vindeiro 26 de xuño.

## 1,4 M € para servizos sociais comunitarios no Sur provincial

A Deputación de Pontevedra aprobou achegas por valor de 1,4 M de € para facer fronte a políticas sociais na totalidade dos Concellos de menos de 20.000 habitantes da contorna de Vigo e do sur da provincia. Os recursos enmárcanse no Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais e nas Axudas Básicas de Emerxencia

para 2024, que contan cun orzamento global de 3,6 millóns de euros.

Serán así beneficiados A Cañiza, A Guarda, Arbo, As Neves 44.090, Baiona, O Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, Nigrán, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Tomiño, Vigo e Tui.

## Formación contra incendios forestais

A Unidade de Directores de Extinción da Xunta (UDEX) está a desenvolver accións formativas destinadas ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPIF), enfocada nas ferramentas de futuro ante a nova realidade dos lumes forestais.

Os integrantes da UDEX desprázanse polas sedes dos Distritos Forestais e as bases aéreas formando no funcionamento de dispositivos innovadores como o Sistema Estructural de Mando Operativo



(Semop) e o XeoCodeLite, un sistema de información xeográfica

en tempo real con toda a información sobre os incendios.

Máis información na nosa web  
[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

## Bandeira Azul para o Sendeiro do Louro

A Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e a concelleira de Medio Ambiente, Laura Méndez, izaron a Bandeira Azul no Sendeiro do Louro, coa que o paseo mosense vén de ser galardoado por parte da Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC)

Con esta Bandeira Azul pré-

miase a ruta fluvial do río Louro, de 5 quilómetros de lonxitude, adaptada e deseñada con criterios ambientais e de accesibilidade, valorizando o patrimonio natural e cultural da zona para o goce de veciños e visitantes. Os Sendeiros Azuis están presentes en 115 municipios de 21 provincias e 11 Comunidades Autónomas.

**CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR**  
**O REMENDÓN**  
637 764 865  
[www.cerrajeroremendon.es](http://www.cerrajeroremendon.es) 24h.

**Ofero**  
Peluqueros  
Santa Ana, n.º 27  
Ponteareas  
Caballeros: 986 661 020  
Señoras: 986 660 444

**ALONG GROUP**

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra  
Tel: 886 155 341 / 698 190 794  
[info@gruposalong.com](mailto:info@gruposalong.com) [www.gruposalong.com](http://www.gruposalong.com)

## José Portas | Discarlux

# “Nós destacamos en Europa co mellor produto que é a carne galega”

José Portas xunto con Carlos Ronda son as caras máis visibles de Discarlux, a empresa cárnica que puxo sobre as mesas máis esixentes de Europa a mellor carne das razas de vacas galegas. Xa van case vinte anos de traballo e os resultados son positivos e satisfactorios. José

e Carlos abriron camiño no medio dun panorama dominado pola carne neerlandesa e alemá. Agora, as grandes firmas da coñía europea poden contar coas mellores carnes vermellas de Galicia sen ter nada que envexar a produtos chegados doutros lugares.



José Portas, esquerda e Carlos Ronda dereita.

### Entrevista de Moncho Mariño

#### Como empezou a túa aventura con Discarlux?

Comezou hai vinte anos despois de exercer de comercial nunha empresa de carnes, decidín instalarme co meu socio Carlos Ronda e iniciar pola nosa conta un novo negocio.

#### Cal é o trasfondo deste negocio?

Somos provedores de carne galega para a grande gastronomía europea, Gran Bretaña, Francia, Alemaña ou Italia.

#### Cal é o selo distintivo de Discarlux?

O noso é un perfil moi enraizado no que é o rural galego, a todo tipo de razas de vacas do país, con isto desmarcámonos de todos os distribuidores de carne

xeral en Europa, sobre todo porque eles son consumidores de carnes alemás e neerlandesas. Nós destacamos no mellor produto do mundo que é a carne galega.

#### Criades vós a vosa carne ou mercades o produto?

Non, nós non criamos. Nós mercamos nas casas, nos matadoiros, ás veces sacrificamos nós algúns produtos. Despois facemos a maduración nas instalacións que temos aquí en Madrid e facemos distribución a nivel europeo desde aquí.

#### Que é o Fistera Bovin World?

É un brazo mecánico da empresa que ten como obxectivo mostrar as seis razas de vaca galega, tamén algunha portuguesa. Moitas razas que estaban en perigo

de extinción están aí representadas, non é un traballo abondo para protexelas máis si é un proxecto de visualización máis que de produción porque, realmente temos unha produción de 800 vacas por semana e aí temos 250 vacas en rotativo e non teríamos suficiente.

#### Cales son as esixencias ou peticións aos vosos provedores?

Eles xa nos coñecen desde hai moito tempo, é un camiño feito hai anos en paralelo con eles xa teñen un buscador exclusivo para dar co animal que a nós nos interesa. Este é un tema de simbiose.

#### Que aspectos se poden mellorar para aumentar a calidade da carne que vós exportades?

Poderían mellorarse moitas cousas, mais creo que estamos freados polas institucións a novel razas de vacún. Sacaron unhas normas que consideramos obsoletas, algo que se demostra cada día cando non funciona absolutamente nada. A IXP de Galicia funciona bastante mal. Este é un tema que deben abordar as administracións reuníndose cos matadoiros, comercios e empresas de despece. Deberan reunirse para facer as cousas xuntas e non cada un como queira. **Tedes trabas desde a UE para poderdes realizar o voso traballo?**

Non temos traba ningunha agás desde Galicia, desde as súas institucións que son máis esixentes cuns que con outros. Té-

molos detrás porque as normas instauradas nas súas IXPs non teñen sentido ningún. Mais como ninguén pode demostralo porque non nos dán pé para ter unha reunión e dicir cales son as condicións que deberamos ter. Agora todo o mundo subiu ao carro, mais hai vinte anos non había un logo galego en Europa. Foron empresas como Discarlux, líder de exportación de carne galega, ninguén foi capaz de consultarnos unha soa vez. Agora, como a carne galega é famosa por toda Europa, e nós temos parte da culpa nisto, desde as institucións galegas non nos deron ningún apoio nin subvencións. Para os que puxeron Galicia na órbita de Europa non temos nada.

**PFC Condado**

**+55**  
Pompas Fúnebres del Condado  
20 de Novembro 2012

**Gracias**

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO